

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO ABERTO PARA O SUBMINISTRACIÓN DE DESBROZADORA PARA MANTEMENTO MEDIOAMBIENTAL DO CONCELLO DE TEO

1.-OBXECTO E CUALIFICACIÓN DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é a adquisición de unha desbrozadora para mantemento medioambiental do concello de Teo, de acordo coas características especificadas no prego de prescricións técnicas.

O contrato ten a cualificación de contrato de administrativo de subministro tal como establece o artigo 9 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (en diante TRLCSP). CPV-16820000-9.

2.-PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto, con varios criterios de valoración, no que todo empresario/a poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de conformidade co establecido no artigo 157 e seguintes do TRLCSP.

Para a valoración das proposicións, teranse en conta os criterios que se establecen no presente Prego, que determinarán a oferta economicamente mais vantaxosa.

3.-ORZAMENTO DO CONTRATO.

O valor estimado do contrato ascende a 42.300,00 €, sendo e o importe do IVE 8.883,00 €, que supón un importe total de 51.183,00 €.

4.- PAGO DO PREZO

O pago do subministro realizarase unha vez recibido o material obxecto do contrato, con cargo a partida orzamentaria 2018 171/623.00, previa presentación da correspondente factura, que deberá estar conformada polo concelleiro de servizos básicos, e unha vez que se proceda á súa fiscalización e aprobación.

5.- REVISIÓN DE PREZOS

O prezo do contrato non poderá ser obxecto de revisión, polo que non se aplicará ningunha formula de revisión de prezos.

6.- PRAZO DE ENTREGA DO SUBMINISTRO.

O subministro deberá ser entregado no prazo máximo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da formalización do contrato.

7.- ANUNCIO DA LICITACIÓN E PERFIL DO CONTRATANTE.

Considerando que de acordo co establecido no artigo 15.1.b) do TRLCSP o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, o procedemento ao que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia, no DOG e no perfil de contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP).

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente á licitación a través de internet no perfil do contratante www.teo.gal.

8.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

9.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro do Concello, no prazo de 15 días naturais a contar dende o seguinte ó da última publicación do anuncio de licitación.

Así mesmo as proposicións poderán enviarse por correo ou presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As proposicións que se presenten conforme ao apartado anterior deberán xustificar, ante o órgano de contratación, a data de presentación dentro do prazo de presentación de proposicións, e anunciar a súa remisión dentro do mesmo prazo; non será admitida ningunha proposición que non cumpra este requisito. En todo caso non se terán en conta as proposicións que non se reciban no Concello dentro dos dez días naturais seguintes á finalización do prazo de presentación.

Cada licitador non poderá presentar mais de unha proposición, nin poderá asinar ningunha oferta en unión temporal con outros, se presentou proposición individual, nin figurar en mais dunha unión temporal.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional, por parte do licitador, das cláusulas dos pregos que rexen a contratación.

As **proposicións presentaranse en TRES SOBRES PECHADOS A, B e C, cerrados e asinados** polo licitador ou persoa que o represente, nos que se indicará a razón social, denominación da entidade, e domicilio a efectos de notificacións, debendo figurar nos mesmos a inscrición **“Proposición para participar na licitación do contrato de subministro de “DESBROZADORA PARA MANTEMENTO MEDIOAMBIENTAL DO CONCELLO DE TEO”** e denominaranse da seguinte forma:

SOBRE “A”: DOCUMENTACIÓN.

Que conterà a documentación que se relaciona:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario:

A.1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A.2) Persoas xurídicas:

Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A.3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non comunitarias.

Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

A.5) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias):

Declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP).

B) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursoa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D.....Con DNI
e domicilio enprovincia de

rúanº en nome propio ou en representación da
empresa..... á que representa no
procedemento de adxudicación do contrato de subministro de

*Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están
incurtidos en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 e
146.1.c) do TRLCSP*

*Así mesmo declara que se está ao o corrente do cumprimento das obrigas tributarias e
coa Seguridade Social.*

(Lugar, data e sinatura do propoñente

C) Acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica ou profesional.

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional polos medios que se indican:

1.- A solvencia económica, financeira, de acordo co establecido no artigo 75.1.a) do TRLCSP, en relación co artigo 11.4.a) do Regulamento da Lei de contratos, acreditarase polo volume anual de negocios do licitador, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos anos concluídos, que deberá ser, como mínimo, de unha vez e media o valor anual medio do contrato, e que deberá acreditarse mediante a presentación das contas anuais aprobadas tal como establece o citado artigo 11.4.a).

2.- A solvencia técnica ou profesional, de acordo co establecido no artigo 77.1 do TRLCSP, en relación co artigo 11.4.b) do Regulamento da Lei de contratos, acreditarase mediante a presentación dunha relación das subministracións realizadas nos últimos cinco anos, da mesma natureza á que corresponde o obxecto do contrato, que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. As subministracións realizadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Considerase que o licitador ten suficiente solvencia técnica cando o importe anual acumulado, no ano de maior execución, sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

D) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Axustarase ao seguinte modelo:

D., con residencia en
provincia de rúa nº DNI
nº.....en nome propio ou da empresaá que
representa no procedemento de adxudicación do contrato de subministro de
.....

Autoriza á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

E) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

De conformidade co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, a documentación a que se refire o apartado 1 do referido artigo, que se debe presentar no Sobre A "Documentación", poderá ser substituída por unha **declaración responsable do licitador** indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, conforme ao modelo que se incorpora como **ANEXO I/ANEXO II do presente Prego.**

En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos nesta cláusula.

SOBRE "B": MEMORIA TÉCNICA.

Incluirá o documento indicativo das características da desbrozadora ofertada que, en todo caso, debe cumprir os requisitos esixidos no prego de prescricións técnicas.

No caso de incumprimento das características esixidas no prego de prescricións técnicas, a oferta será rexeitada e non se procederá á apertura dos sobres C.

SOBRE "C": OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN PARA A VALORACIÓN DA PROPOSICIÓN.

Conterá a documentación que permita valorar a proposición de acordo cos criterios obxectivos de valoración establecidos no Prego, que será a que se indica:

- a) Oferta económica que deberá axustarse ao modelo que figura no **ANEXO III** deste Prego.
- b) Documentación acreditativa do incremento do período de garantía ofertado, sobre o período mínimo de garantía establecido no Prego, conforme ao modelo que figura no **ANEXO III**.

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais e deberán estar asinados polo licitador. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

10.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa atenderase aos seguintes criterios obxectivos de valoración:

a) Oferta económica ata un máximo de 30 puntos.

A valoración realizarase outorgando os 30 puntos á mellor oferta económica, e o resto das ofertas valoraranse de acordo coa seguinte fórmula:

Puntuación da oferta $n = 30 \times \text{prezo da oferta económica mais baixa} / \text{prezo da oferta económica de } n$.

b) Incremento do período mínimo de garantía, ata un máximo de 20 puntos.

A valoración deste apartado realizarase outorgando 4 puntos por cada ano de garantía que se oferte a maiores do período mínimo de 2 anos que se establece no Prego.

11.- MESA DE CONTRATACIÓN.

A mesa de contratación estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

Vogais:

- D.^a Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do Concello, ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- D.^a Mónica Lado Varela, interventora do Concello, ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- D. Xurxo Francos Liñares, concelleiro de servizos básicos. Suplente: D.^a Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade.

- D. Javier Conde Salgado, encargado de servizos básicos. Suplente: D. Jesús Rodríguez García, encargado da brigada de obras.
- Un/ha concelleiro/a designado/a polo grupo municipal do PP.

Secretario/a: D.^a Sandra M.^a García Chenlo, adxunta a secretaría xeral. Suplente: un funcionario/a municipal.

12.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

A apertura de proposicións deberá realizarse pola mesa de contratación no prazo máximo de un mes, dende o remate do prazo de presentación de proposicións; previamente deberá proceder á apertura dos sobres A e á cualificación da documentación administrativa das proposicións presentadas.

Se fora necesario, a mesa poderá conceder un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

Presentada a documentación requirida, a Mesa pronunciarase sobre a admisión ou non das proposicións correspondentes á documentación cuxa cualificación houberse dado lugar a observación de defectos emendables. Seguidamente en acto público procederase á apertura dos sobres B, que conteñan as memorias técnicas.

Tras a apertura pola mesa de contratación dos sobres B, e tras deixar constancia na acta de todo o actuado, a mesa poderá requirir o/os informe/s técnico/s que considere oportuno.

Emitido o informe, convocarase novo acto público no que se informará do resultado da análise efectuada á documentación contida nos sobres B e procederase a realizar a apertura das ofertas económicas do sobre "C", que non fosen excluídas. A convocatoria do novo acto público realizarase no perfil do contratante.

A Mesa de Contratación valorará os aspectos das ofertas avaliábeis coas fórmulas matemáticas establecidas no prego, ben no mesmo acto público ou interrompendo este polo tempo mínimo necesario para realizar os cálculos correspondentes. Continuará, se é o caso, o acto público no que se dará conta dos criterios avaliábeis con fórmulas matemáticas e a puntuación global outorgada a cada oferta.

A Mesa clasificará, por orden decrecente en función da valoración obtida por cada unha, as proposicións presentadas e formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta economicamente máis vantaxosa. Esta proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor del contratista ou contratistas incluídos nela.

Todo iso sen prexuízo da potestade do órgano de contratación de solicitar, antes de adxudicar o contrato, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego, tal e como prevén os artigos 151 e 160 do TRLCSP.

13.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS.

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e admitidas á licitación, que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido nos artigos 151 e 152 do TRLCSP, e requirirá ao licitador que presenta a proposición mais vantaxosa, para que no prazo de dez días hábiles, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato e de ter constituída a garantía definitiva.

No suposto de que o licitador fixera uso do previsto no artigo 146.4 do TRLCSP, e presentara unha declaración responsable, en substitución da documentación do sobre A, deberá acreditar a posesión e validez da documentación esixida no Prego.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a documentación ao seguinte licitador pola orde de clasificación de ofertas.

14.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación presentada polo licitador.

En ningún caso poderá declararse deserta a licitación se existe algunha proposición que sexa admisible de acordo co establecido nos Pregos.

O acordo de adxudicación deberá ser motivada e notificarse aos licitadores, publicándose simultaneamente no perfil do contratante do Concello, de acordo co disposto no artigo 151.4 do TRLCSP.

A notificación deberá conter a información necesaria que permita aos licitadores excluídos ou candidatos descartados interpor recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación, conforme ao establecido no artigo 40 do TRLCSP.

15.- GARANTIA PROVISIONAL E DEFINITIVA.

Dadas as características do contrato non se esixe garantía provisional.

O adxudicatario virá obrigado a constituír unha garantía definitiva por importe do 5% do importe total do contrato, IVE excluído, en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

16.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

De conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP, o contrato deberá formalizarse en documento administrativo, dentro do prazo de 15 días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación.

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación, de conformidade co establecido no artigo 154 do TRLCSP.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, sendo pola súa conta os gastos que se ocasionen.

Cando por causas imputables ó contratista no se puidera formalizar o contrato dentro do prazo establecido a administración poderá acordar a súa resolución.

17.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

Ademais das obrigas xerais que se derivan do réxime xurídico do contrato o adxudicatario terá as seguintes obrigas:

- Executar o contrato con suxeición ao presente Prego, ao Prego de prescricións técnicas e a súa oferta, entregando os bens obxecto do contrato de subministro no tempo e forma descritos nos pregos.
- Cumprir todas as obrigas que esixa a normativa vixente en materia laboral, e de prevención e riscos laborais, sendo responsable do incumprimento das mesmas, sen que o seu incumprimento alcance en modo algún ao Concello.
- Designar a un responsable do contrato, que actuará como interlocutor entre a empresa adxudicataria e o Concello para resolver as incidencias que poidan xurdir na execución do contrato.
- Realizar as reparacións do subministro que lle sexan solicitadas, durante o período total de garantía, no prazo de dous días hábiles, a contar dende o seguinte ao que se comunique a avaría.
- Asumir todos os gastos de transporte dos bens obxecto de subministro ata o lugar de entrega, e emendar os defectos observados no material subministrado incluso a substitución por un novo subministro se fose necesario.
- Facilitarlle ao Concello a información e documentos que sexan necesarios para comprobar o cumprimento das obrigacións sinaladas nos Pregos e na oferta presentada polo contratista, incluída a información contable e tributaria.
- Se o Concello observa deficiencias na prestación do servizo, de oficio ou por denuncia, poñerá en coñecemento do contratista por escrito adoptando ó mesmo tempo as medidas correctoras correspondentes, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP, para os supostos de subcontratación.

18.- PRAZO DE GARANTÍA.

O obxecto do contrato quedará suxeito a **un prazo de garantía mínimo de 2 anos**, a contar dende a data de sinatura da acta de recepción, sen prexuízo do prazo de garantía que ofrecerá o licitador na súa proposición, e que incluírá a reposición de pezas e a man de obra, durante todo o prazo de garantía ofertado.

Se durante o prazo de garantía se observasen defectos ou vicios ocultos no subministro a administración terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten inadecuados, sen custo para a administración.

Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulen reparos, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

19.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo fixado no contrato, de conformidade co establecido nos Pregos que rexen a contratación e de acordo coa súa oferta.

20.- PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO.

Se o contratista, por causas imputables ó mesmo, teña incorrido en demora no cumprimento do prazo de entrega do subministro, o órgano de contratación poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades de acordo co establecido no artigo 212.4 do TRLCSP.

Os importes das penalidades faranse efectivos mediante a dedución dos mesmos da factura, en todo caso a garantía responderá da efectividade de aquelas.

21.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

Corresponde ao órgano de contratación interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento ou resolvelo, por razóns de interese público, determinando os efectos da resolución.

A execución do contrato levarase a cabo baixo a dirección, inspección e control do órgano de contratación. A estes efectos deberá nomear un responsable para supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións necesaria para asegurar a correcta prestación do servizo.

22.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez perfeccionado non se contempla modificación do contrato.

23.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos establecidos nos artigos 223 e 299 do TRLCSP, e acordarase polo órgano de contratación de oficio ou a instancia do contratista seguindo o procedemento establecido na lexislación vixente e cos efectos previstos no artigo 300 do citado TRLCSP.

Se a resolución do contrato se produce por culpa do contratista incautaráselle a garantía definitiva, sen prexuízo das indemnizacións que puideran corresponderlle á administración.

24.- REXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

O contrato terá carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o Real Decreto 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeneral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de contratos do sector público, supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes na aplicación do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do citado TRLCSP.

Teo, a 9 de xaneiro de 2018
O alcalde accidental

X. Ignacio Iglesias Villar



ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS FÍSICAS

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE “DESBROZADORA PARA MANTEMENTO MEDIAMBIENTAL DO CONCELLO DE TEO”,	
DATOS DO DECLARANTE	
Nome e apelidos	NIF
Enderezo (a efectos de notificacións)	C.P.
Localidade	Provincia
Tlf.-	Fax.
Correo-e:	

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que dispoño de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional legalmente esixida para concertar co Concello de Teo a execución do contrato de referencia.

Que dispoño que da solvencia/clasificación esixidas para a execución do contrato.

2º.- Que non estou incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

3º.- Que estou ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e non teño pendente de pagamento ningunha débeda co Concello de Teo.

4º.- Que estou ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

5º.- Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pagamento ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas pola lexislación vixente.

6º.- Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes indicados como mínimos, no seu caso, no prego de prescricións técnicas e a mantelos durante o tempo de execución do contrato.

7º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración de produtos e servizos así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da Unión Europea, así como das disposicións de Dereito internacional sobres estas materias subscritas pola Unión Europea.

8.- Que me someto á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

9.- Que me comprometo a aceptar e dar por válidas as notificacións que se efectúen no enderezo _____ de _____ correo electrónico seguinte....., así coma no número de fax.....

10.- Que o número global de traballadores é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%).

Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade é do _____%

O que declaro aos efectos do previsto no artigo 146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido, no caso de que vaia a resultar adxudicatario do contrato, indicando que cumpro todos os requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de Teo a súa verificación directa.

Teo, de de 2018

Asdo.:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS XURÍDICAS

PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE “DESBROZADORA PARA MANTEMENTO MEDIAMBIENTAL DO CONCELLO DE TEO”,		
DATOS DO DECLARANTE		
Nome e apelidos	NIF	
Enderezo (a efectos de notificacións)	C.P.	
Localidade	Provincia	
Tlf.-	Fax.	
Entidade mercantil á que representa	Cargo	CIF
Correo-e:		

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que a empresa á que represento dispón de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional legalmente esixida para concertar co Concello de Teo a execución do contrato de

O obxecto social da empresa comprende a actividade obxecto deste contrato, de acordo co recollido no artigo.....dos seus estatutos sociais, os cales que se encontran debidamente inscritos nos Rexistros correspondentes.

2º.- Que a persoa que asina a proposta ten poder bastante para representar á empresa neste procedemento de contratación.

3º.- (Marcar o que proceda)

Que dita empresa dispón da clasificación/solvencia requirida para dita contratación.

Que dita empresa dispón dos requisitos mínimos de clasificación/solvencia establecidos para concorrer a dita contratación, completándoa polo medio seguinte (marcar o que proceda):

Formando unha unión temporal de empresas para concorrer á licitación coa mercantil....., adquirindo o compromiso expreso de constituír dita UTE no caso de resultar a nosa oferta adxudicataria do contrato (neste caso a declaración ha de ser subscribida por cada unha das empresas que integrarán a UTE).

Dispoñendo dos medios externos para executar as prestacións seguintes:.....

Ditos medios externos consisten en..... e serán aportados por.....

A tal efecto subscribirase por dita empresa un

4º.- Que nin eu persoalmente nin ningún dos administradores da persoa xurídica en cuxo nome actúo estamos incursos en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido Lei de contratos do sector público.

5º.- Que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e non ten pendente de pagamento ningunha débeda co Concello de Teo.

6º.- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

7º.- Que a entidade se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas de alta e pagamento ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas pola lexislación vixente.

8º.- No seu caso, que a entidade se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica e que as circunstancias da entidade que nel figuran son exactas e non experimentaron variación:

Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado	(núm.)
Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia	(núm.)
Rexistro de documentación de contratistas da Deputación de A Coruña	(núm.)

9º.- Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes indicados como mínimos no prego prescricións técnicas e a mantelos no tempo de execución do contrato.

10º.- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do RDLex. 3/2011 e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vencelladas, a entidade mercantil á que represento (marcar):

Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:.....

A empresa, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e 152 do RDLex. 3/2011, comprométese a achegar a documentación que lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

11º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración de produtos e servizos así como na execución do contrato, o

cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables , o Dereito español e da Unión Europea, así como das disposicións de Dereito internacional sobres estas materias subscritas pola Unión Europea.

12º.- Que me someto á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)

13º.- Que me comprometo a aceptar e dar por válidas as notificacións que se efectúen no enderezo _____ de _____ correo _____ electrónico seguinte....., así coma no número de fax.....

14º.- Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%).

Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____%

O que declaro aos efectos do previsto no artigo 146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido, no caso de que vaia a resultar adxudicatario do contrato, indicando que cumpro todos os requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de Teo a súa verificación directa.

Teo, de de 2018

Asdo.:

Selo da empresa

ANEXO III

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

“D., con DNI nº..... e domicilio, a efectos de notificacións en, R/....., nº....., teléfono, en nome propio, (ou en representación da entidade, con CIF.....) en relación co expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, con varios criterios de valoración, do subministro de “DESBROZADORA PARA MANTENIMENTO MEDIAMBIENTAL DO CONCELLO DE TEO”, publicado no BOP nº..... de data....., fago constar que coñezo e acepto integramente os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen a contratación, e toma parte na licitación, comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe que se sinala a continuación:

Prezo sen IVE: €
IVE: €
TOTAL IVE engadido: €

O prazo de garantía ofertado, a maiores dos 2 anos esixidos no prego, é de..... anos.

En _____, a ____ de _____ de 2018.

O licitador,

Asdo: _____”

ANEXO IV

1. SUBMINISTRO	DESBROZADORA PARA MANTEMENTO MEDIOAMBIENTAL	
2. CODIFICACIÓN	A. Vocabulario común de contratos (CPV)	16820000-9.
3. ORZAMENTO	Base imponible: 42.300,00 € Importe IVE: 8.883,00 €	
4. VALOR ESTIMADO	Valor estimado do contrato: 42.300,00 €	
5. REGULACION HARMONIZADA	contrato non suxeito a regulación harmonizada	
6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	2018 171/623.00	
7. PRAZO DE ENTREGA	Dous meses desde o día seguinte á formalización do contrato.	
8. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	non	
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	1.- Rexistro do concello de Teo, con domicilio en Travesía da Ramallosa, nº 38, CP 15883 TEO 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío, por medio de oficina de correos, ao nº de FAX do Concello: 981809401, ou ben á seguinte dirección de correo electrónico: secretaria@teo.gal	
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	Tramitación ordinaria: 15 días naturais No caso de presentación en correos, o envío deberá realizarse dentro do prazo indicado, comunicando ao Concello a presentación da proposición dentro do mesmo día.	
11. DOCUMENTACIÓN QUE SE HA DE PRESENTAR	Ver cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas	
12. PERFIL DE CONTRATANTE	Dirección páxina web: www.teo.gal	
13. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo de adxudicación, IVE excluído.	
14. REVISIÓN DE PREZOS	Non procede	
15. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	600 €	